Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 19 de xullo de 2018**

| ASISTENTES: Membros : | NON ASISTEN: |
|---|---|
| D. Francisco Javier Pardo Espiñeira | D. Abel Caballero Álvarez |
| D. Carlos López Font | Dª Mª. Carmen Silva Rego |
| D. Cayetano Rodríguez Escudero. | Mª José Caride Estévez |
| Dª. Olga Alonso Suárez | Dª. Mª. Isaura Abelairas Rodríguez |
| D. Angel Rivas González. | |
| D. Jaime Aneiros Pereira. | |

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas do día dezanove de xullo de dous mil dezaoito e baixo a presidencia do segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, segundo Resolución de Alcaldía do 17/07/18, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña e a interventora adxunta, Sra. Gómez Corbal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(805).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA**
A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

**2(806).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A INTEGRACIÓN DOS SISTEMAS DE XESTIÓN DA RECADACIÓN MUNICIPAL CO XESTOR DE EXPEDIENTES CORPORATIVO E A XESTIÓN TRIBUTARIA E ADAPTACIÓN DO MODELO DE DATOS DE TERCEIROS EN XESTIÓN TRIBUTARIA AO SISTEMA INTEGRADO DE POBOACIÓN. EXPTE. 8532/113.**
Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10/07/18; e o informe de fiscalización do 17/07/18; dáse conta do informe proposta de data

09/07/18, asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica, e conformadoS
polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e polo concelleiro-delegado de Administración Electrónica , que di o seguinte:

1.- En data 09/04/2018 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do servizo para á integración do novo sistema informatico que da soporte á recadación municipal e a adaptación do modelo de datos de terceiros municipal ó estandadr de territorio poboación.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica e co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal, 09/04/2018.

- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 10/04/2018 do concelleiro delegado Concelleiro Delegado de Xestión Municipal.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 16/04/2018 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

- Memoria xustificativa do contrato de data 09/07/2018, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica e co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal

- Informe da xefa do Servizo de Contratación de data 09/07/2018, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da subministración polo procedemento aberto, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, é de data 09/07/2018.

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado de Xestión Municipal mediante resolución de data 10/04/2018 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

**Segundo**.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramitase como un contrato de servizos.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxeto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustíficase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), a insuficiencia de medios (116.4.f LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financiera (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131.2 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Septimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional tercera da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Octavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto coa finalidade de realizar a contratación do servizo para a integración do novo sistema informatico que da soporte á recadación municipal e a adaptación do modelo de datos de terceiros municipal ó estandadr de territorio poboación.

**SEGUNDO.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 09/07/2018.

**TERCEIRO.-**Aprobar o Prego de Cláusulas Tecnicas Particulares , de data16/04/2018 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

**CUARTO.-** Autorizar o gasto de 79.704,00 €, que inclúe un IVE de 13.833,00 € , desde o 1 de Septembro de 2018 ata 31 de xullo de 2019, o cal se imputará a partida 9207.6400002 (OT2 LA1 AE ADP. LEI 39/40/2019 DESENV INMATERIAL ) , tal e como se desglosa a continuación:

| Ano | Importe |
|---|---|
| 2018 | 61.704,00 € |
| 2019 | 18.000,00 € |

**QUINTO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

**<u>Acordo</u>**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 3(807).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA PARA O PROGRAMA DENOMINADO “VIGO INTEGRA VI”. EXPTE. 15501/77

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 09/07/18 e o informe de fiscalización do 17/07/18; dáse conta do informe-proposta de data 05/07/18, asinado polo xefe do Desenvolvemento local e Emprego, e conformado polo concelleiro-delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos, que di o seguinte:

A concellaría de Emprego, Economía,Industria,Voluntariado e relacións cos sindicatos, coa finalidade de favorecer e facilitar a inserción e reinserción laboral, mediante accións programadas e deseñadas que incrementen e melloren a súa empregabilidade e faciliten o

seu acceso ao emprego, ten preparado o Programa VIGO INTEGRA VI, no que se fomenta o uso das novas tecnoloxías como base de novos servizos de apoio cos obxectivos de:

–Promover a inserción laboral das persoas beneficiarias, preferentemente perceptores de prestacións, e facendo especial fincapé na mocidade con idade ata 30 anos e persoas desempregadas como consecuencia dunha crise empresarial, potenciando e reforzando a súa iniciativa cara á formación, fomentando a súa motivación cara unha cualificación con expectativas de emprego, proporcionándolles apoio e acompañamento na busca de emprego.

–Realizar accións para o emprego que faciliten e apoien a busca individual de traballo das persoas beneficiarias do Programa con especial incidencia na mocidade e persoas desempregadas.

–Fomentar a participación dos colectivos en risco de exclusión en accións de orientación, información, formación, etc.

–Dotar ás persoas usuarias do Programa das estratexias, habilidades e destrezas necesarias a través das distintas accións do proxecto, para unha boa busca activa de emprego, incrementando a súa autonomía e motivación.

–Adoptar mecanismos adecuados ás necesidades persoais que permitan salvar obstáculos que dificultan a inserción laboral.

Este programa enmárcase na Orde do 31 de maio de 2018 *pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o ano 2018.*

O programa ten unha duración estimada de 12 meses cun inicio previsto para o mes de decembro de 2018, e cun total de 100 persoas participantes das que se prevé unha inserción do 39%.

O custo total estimado do proxecto é de **291.001,91 euros**, dos que o 80% corresponde á solicitude de subvención (**232.801,53€**) e o 20% restante á confinanción municipal (**58.200,38**€), que se financiará con cargo as partidas (2410.1200100, 2410.1200400, 2410.1200600, 2410.1210001, 2410.1210004, 2410.1210101, 2410.1210104, 2410.1600000), de persoal adscrito ao desenvolvemento do proxecto polo que non é necesario a retención de crédito e que conforme ao apartado C.15.1 da memoria do proxecto suporían 152.801,53 € importe moi superior ao previsto para a cofinancación por parte do Concello de Vigo, no proxecto.

Por todo o anteriormente exposto, e de acordo co proxecto que se inclúe no expediente,

PROPONSE á Xunta de Goberno Local que adopte os seguintes acordos:

***1. Aprobar o proxecto denominado "Vigo Integra VI", elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, por un importe total de 291.001,91 €, dos que 232.801,53 € son o importe solicitado a subvencionar pola Xunta de Galicia e os restantes 58.200,38 €, son a financiar polo Concello de Vigo.***

***2. Solicitar á Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na orde do 31 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o ano 2018.***

*3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2018 e 2019 das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.*

*4. Delegar no concelleiro de Emprego, Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos, Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 4(808).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA A ACTUACIÓN ARTÍSTICA DO EXPECTÁCULO INFANTIL PEPA PIG Y BEM & HOLLY NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS (VIGO EN FESTAS 2018). EXPTE. 7459/335

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16/07/18 e o informe de fiscalización do 18/07/18; dáse conta do informe-proposta de data 05/07/18, asinado pola técnica de Xestión de Animación Socio-Cultural e conformado pola xefa do servizo de Festas, pola concelleira-delegada de Festas e Turismo e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**Primeiro.- ANTECEDENTES**

**1.-** O Servizo de Festas do Concello de Vigo inclúe na súa programación anual, a organización do programa de "Vigo en Festas 2018", que conleva a contratación de actuacións artísticas nacionais e internacionais que teñen lugar no Auditorio ao Aire libre de Castrelos nos meses de xullo e agosto. Como consecuencia da resolución dos decretos da Concelleira de Festas e Turismo de data 2 de xullo de 2018 relativo á composición dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas 2018" (expte. 7437-335), resolveuse a contratación da actuación artística "LOS MUNDOS DE PEPPA PIG Y BEN & HOLLY" a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 7 de agosto de 2018. A proposta foi presentada no servizo de Festas o día 14 de xuño de 2018 pola empresa CREATIVOS EDUCATIVOS PROYECTOS, S.L.

**2.-** Con data 26 de xuño de 2018, a Concelleira delegada da área de Festas e Turismo comuníca mediante escrito o interese do Concello de Vigo na contratación da actuación artística do grupo "LOS MUNDOS DE PEPPA PIG Y BEN & HOLLY" por un importe total de 22.099,44 €, rider técnico, cátering e ive incluídos, e solicita confirmación da data de actuación para o día 7 de agosto e o documento que acredite que "CREATIVOS EDUCATIVOS PROYECTOS, S.L." ostenta os dereitos exclusivos para a contratación da actuación, na súa condición de promotor en Vigo, no auditorio de Castrelos dentro do programa Vigo en Festas 2018 (doc. nº 7 do expediente).

**3.**-Postos en contacto coa empresa “CREATIVOS EDUCATIVOS PROYECTOS, S.L., con CIF B-86405644 confirma a posesión da exclusividade artística para a actuación do espectáculo infantil, e a achega por correo electrónico. No documento de 27 de xuño de 2018, Dª Teresa Paggio García en representación da citada entidade certifica que Creativos Educativos Proyectos, S.L. é o Licenciatario Oficial para Iberia das licenzas “Peppa Pig” e “El Pequeño Reino de Ben & Holly” e, por tanto, do espectáculo “Los Mundos de Peppa Pig y Ben & Holly”, que se representará o día 7 de agosto de 2018 no Auditorio de Castrelos de Vigo (doc. Nº 6 do expediente).

**4.-** En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, a técnica de xestión do Servizo de Festas con data 2 de xullo de 2018 e coa conformidade da Xefa do Servizo de Festas e da Concelleira de Festas e Turismo, emite informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na celebración dun espectáculo infantil a cargo do grupo “LOS MUNDOS DE PEPPA PIG Y BEN & HOLLY” a celebrar o día 7 de agosto de 2018, no Auditorio ao Aire libre de Castrelos, con motivo do Programa “Vigo en Festas 2018”.

**5.-** Con data 02/07/2018, a Concelleira de Festas e Turismo resolve que se inicie o expediente necesario para a contratación da prestación do servizo consistente na celebración do espectáculo infantil a cargo do grupo “LOS MUNDOS DE PEPPA PIG Y BEN & HOLLY” a celebrar o día 7 de agosto de 2018, no Auditorio ao Aire libre de Castrelos, con motivo do Programa “Vigo en Festas 2018”.

**6.-** Con data 2 de xullo de 2018, redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares pola técnica de xestión do Servizo de Festas.

**7.-** Con data 3 de xullo**,** a técnica de xestión do Servizo de Festas asina Memoria xustificativa que conten os elementos básicos do contrato, que é conformada pola xefa do Servizo de Festas e pola Concelleira de Festas e Turismo.

**8.-** Redáctase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 4 de xullo de 2018.

**9.-** O orzamento base de licitación co ive incluído ascende a 22.099,44 €, (correspondendo 3.835,44 € ao ive) podería imputarse á aplicación 3380.226.09.06 “Festas de Vigo” do orzamento vixente. Enténdese que o prezo se atopa dentro dos parámetros do mercado ao ser o importe establecido pola empresa que posúe o seus dereitos.

**Segundo.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.
Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.
Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.
Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

**Terceiro.- FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**1.** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

**2.-** O expediente de contratación iniciarase polo órgano de contratación de acordo co disposto no artigo 116.1 da Lei Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP); no Concello de Vigo esta competencia atópase delegada nos Concelleiros de Area segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local de 19 de xuño de 2015).

**3.-** En cumprimento do estabelecido no artigo 28 da LCSP a técnica de xestión, xunto coa xefa do Servizo de Festas e coa concelleira da Área de Festas e Turismo asinaron o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na celebración do espectáculo infantil a cargo do grupo "LOS MUNDOS DE PEPPA PIG Y BEN & HOLLY" a celebrar o día 7 de agosto de 2018, no Auditorio ao Aire libre de Castrelos, con motivo do Programa "Vigo en Festas 2018".

**4.-** En cumprimento do establecido nos artigos 116.4 e 116.3 da LCSP consta a memoria xustificativa asinada pola técnica de xestión, xefa do Servizo e pola concelleira responsable, e o prego de prescricións técnicas particulares asinados pola técnica de xestión e a xefa do Servizo e o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola xefa do Servizo de Contratación.

**5.-** No relativo á clasificación do contrato segundo o establecido no artigo 17 LCLP trátase dun contrato de servizos. A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ó disposto no artigo 116 da mesma Lei. O contrato ten a consideración de contrato privado de acordo ao disposto no artigo 25. 1. a) da devandita Lei. O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, que ostenta os dereitos de exclusiva da actuación do artista.

**6.-** Ao expediente incorporarase o informe favorable da Asesoría Xurídica e o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral, quen ademais fiscalizará previamente para a súa aprobación o expediente.

**7.-** A competencia para aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación ao amparo da Disposición

adicional segunda da LCSP. Consonte ao estipulado no artigo 117 da citada lei, a resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

**PROPOSTA:**

**Primeiro**.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo do espectáculo infantil a cargo do grupo "LOS MUNDOS DE PEPPA PIG Y BEN & HOLLY" a celebrar o día 7 de agosto de 2018, as 20:00 horas no Auditorio ao Aire libre de Castrelos, con motivo do Programa "Vigo en Festas 2018" (expediente nº 7459-335), que conten o prego de prescricións técnicas particulares de data 2 de xullo de 2018 asinado pola técnica de xestión do Servizo de Festas, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 4 de xullo de 2018, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

**Segundo.-** Autorizar un gasto por un importe total de 22.099,44 € (correspondendo 3.835,44 € ao ive) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Festas para o vixente exercicio económico.

**Terceiro.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 5(809).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA A ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE DORIAN & ZOÉ NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS (VIGO EN FESTAS 2018). EXPTE. 7426/335

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16/07/18 e o informe de fiscalización do 18/07/18; dáse conta do informe-proposta de data 05/07/18, asinado pola técnica de Xestión de Animación Socio-Cultural e conformado pola xefa do servizo de Festas, pola concelleira-delegada de Festas e Turismo e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**Primeiro.- ANTECEDENTES**

**1.-** O Servizo de Festas do Concello de Vigo inclúe na súa programación anual, a organización do programa de “Vigo en Festas 2018”, que conleva a contratación de actuacións artísticas nacionais e internacionais que teñen lugar no Auditorio ao Aire libre de Castrelos nos meses de xullo e agosto. Como consecuencia das resolucións dos decretos da Concelleira de Festas e Turismo de data 5 de xuño de 2018 relativos á composición dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas 2018” (expte. 7437-335), resolveuse a contratación do espectáculo das bandas internacionais “DORIAN + ZOÉ” a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 27 de xullo de 2018. A proposta foi presentada no servizo de Festas o día o 1 de marzo de 2018 pola empresa DALE A LA DANZA, que ademais afirmaba ter unha data en exclusiva para a cidade de Vigo.
**2,-** Con data 2 de abril de 2018, a Concelleira delegada da área de Festas e Turismo, comunica mediante escrito o interese do Concello de Vigo na contratación da actuación artística de “DORIAN + ZOÉ” a celebrar o día 27 de xullo de 2018 no Auditorio de Castrelos, por un importe total de 26.000 € máis ive, máis equipos de luces e son e máis o cátering (doc. nº 5 do expediente).

**3.-** Postos en contacto coa empresa “DALE A LA DANZA, S.L.” CIF B-85169589 confirma a posesión da exclusividade artística para a actuación das bandas, e a achega por correo electrónico. No documento de 27 de marzo de 2018, D. Máximo Lario Rivas en representación da entidade “MUNDO ACORDE, S.L.”, achega o documento onde garanta que MUNDO ACORDE, S.L. coñecido como INTROMUSICA con CIF B-82573692, ostenta a exclusividade na realización e produción da actuación das bandas DORIAN + ZOÉ que terá lugar en Vigo o venres 27 de xullo de 2018 no Auditorio de Castrelos (doc. nº 7 do expediente).

**4.-** En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, a técnica de xestión do Servizo de Festas con data 29 de xuño de 2018 e coa conformidade da xefa do Servizo de Festas e da Concelleira de Festas e Turismo, emite informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na celebración dun espectáculo musical a cargo das bandas internacionais “DORIAN + ZOÉ” a celebrar o día 27 de xullo de 2018, no Auditorio ao Aire libre de Castrelos, con motivo do Programa “Vigo en Festas 2018”.

**5,-** Con data 02/07/2018, a Concelleira de Festas e Turismo resolve que se inicie o expediente necesario para a contratación da prestación do servizo consistente na celebración do espectáculo musical a cargo das bandas internacionais “DORIAN + ZOÉ” a celebrar o día 27 de xullo de 2018, no Auditorio ao aire libre de Castrelos, con motivo do Programa “Vigo en Festas 2018”.

**6.-** Con data 2 de xullo de 2018, redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares pola Técnica de xestión do Servizo de Festas.

**7.-** Con data 2 de xullo de 2018**,** a Técnica de xestión do Servizo de Festas asina a Memoria xustificativa que conten os elementos básicos do contrato, que é conformada pola Xefa do Servizo de Festas.

**8.-** Redactase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 4 de xullo de 2018.

**9.-** O orzamento base de licitación co ive incluído ascende a 48.581,50 € correspondendo 8.431,50 € ao ive podería imputarse á aplicación 3380.226.09.06 "Festas de Vigo" do orzamento vixente. Enténdese que o prezo se atopa dentro dos parámetros do mercado ao ser o importe estabelecido pola empresa que posúe o seus dereitos.

**Segundo.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.
Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.
Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.
Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

**Terceiro.- FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**1.-** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

**2.-** O expediente de contratación iniciarase polo órgano de contratación de acordo co disposto no artigo 116.1 da Lei Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP); no Concello de Vigo esta competencia atópase delegada nos Concelleiros de Area segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local de 19 de xuño de 2015).

**3.-** En cumprimento do estabelecido no artigo 28 da LCSP a Técnica de xestión, xunto coa Xefa do Servizo de Festas e coa Concelleira da Área de Festas e Turismo asinaron o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na celebración do espectáculo musical a cargo das bandas internacionais "DORIAN + ZOÉ" a celebrar o día 27 de xullo no Auditorio ao aire libre de Castrelos con motivo do Programa "Vigo en Festas 2018".

**4.-** En cumprimento do establecido nos artigos 116.4 e 116.3 da LCSP consta a memoria xustificativa asinada pola Técnica de xestión, Xefa do Servizo e pola Concelleira responsable, e o prego de prescricións técnicas particulares asinados pola Técnica de

xestión e a Xefa do Servizo e o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

**5.-** No relativo á clasificación do contrato segundo o establecido no artigo 17 LCLP trátase dun contrato de servizos. A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ó disposto no artigo 116 da mesma Lei. O contrato ten a consideración de contrato privado de acordo ao disposto no artigo 25. 1. a) da devandita Lei. O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, que ostenta os dereitos de exclusiva da actuación do artista.
**6.-** Ao expediente incorporarase o informe favorable da Asesoría Xurídica e o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral, quen ademais fiscalizará previamente para a súa aprobación o expediente.

**7.-** A competencia para aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación ao amparo da Disposición adicional segunda da LCSP. Consonte ao estipulado no artigo 117 da citada lei, a resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

**PROPOSTA:**

**Primeiro**.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo da actuación artística a cargo das bandas internacionais “DORIAN + ZOÉ” a celebrar o día 27 de xullo de 2018, as 22:30 horas no Auditorio ao Aire libre de Castrelos, con motivo do Programa “Vigo en Festas 2018” (expediente nº 7426-335), que conten o prego de prescricións técnicas particulares de data 2 de xullo de 2018 asinado pola Técnica de Xestión do Servizo de Festas, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 4 de xullo de 2018, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

**Segundo .**- Autorizar un gasto por un importe total de 48.581,50 € (correspondendo 8.431,50 € ao ive) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Festas para o vixente exercicio económico.

**Terceiro.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 6(810).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA A ACTUACIÓN

**ARTÍSTICA DE CANTAJUEGOS NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS (VIGO EN FESTAS 2018).EXPTE. 7427/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16/07/18, dáse conta do informe-proposta de data 10/07/18, asinado pola xefa do servizo de Festas e pola xefa do servizo de Contratación, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se trasposñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de CANTAJUEGO no auditorio de Castrelos.

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 5 de xullo de 2018, adoptou o seguinte acordo:

> *"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo da actuación artística a cargo do grupo musical "CANTAJUEGOS" a celebrar o día 4 de agosto de 2018, as 20:00 horas no Auditorio ao Aire libre de Castrelos, con motivo do Programa "Vigo en Festas 2018" (expediente nº 7427-335), que conten o prego de prescricións técnicas particulares de data 20 de xuño de 2018 asinado pola Técnica de Xestión do Servizo de Festas, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 27 de xuño de 2018, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.*
>
> *Segundo .- Autorizar un gasto por un importe total de 53.200,00 € € (correspondendo 9.233,06 € ao ive) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Festas para o vixente exercicio económico.*
>
> *Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.".*

**Segundo.-** O 6 de xullo de 2018 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

**Terceiro.-** Con data do 9 de xullo de 2018 CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 10 de xullo de 2018, reúnense a responsable do contrato, a xefa do servizo de Festas, xunto coa xefa do Servizo de Contratación, na oficina de contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión *"Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.7.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a* CATEGORICA PRODUCCIONES*, S.L.*." A continuación, abriuse o "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA". Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación. Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (fronte ao Estado, Comunidade Autónoma e Tesourería Municipal) e fronte á Tesourería da Seguridade Social e deixouse constancia no expediente.

**Quinto.-** Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias as que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).
Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 10 de xullo de 2018 de apertura dos sobres A e B.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> *"Adxudicar a* CATEGORICA PRODUCCIONES*, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de CANTAJUEGO no auditorio de Castrelos (7427-335) por un prezo total de* 53.200 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 9.233,06 euros.
>
> *Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(811).- PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL "O MARISQUIÑO"-2018. EXPTE. 7467/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17/07/18 e o informe de fiscalización do 19/07/18, dáse conta do informe-proposta de data 05/07/18, asinado pola xefa do servizo de Festas e conformado pola concelleira-delegada de Festas e Turismo e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda Sindicatos, que di o seguinte:

**INFORME.**

A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu en data 2 de xullo de 2018 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo para o desenvolvemento do festival **"O Marisquiño 2018"** que terá lugar en Vigo os vindeiros 10, 11 e 12 de agosto.

Con data 20 de novembro de 2015, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo asinaron un Protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións

que no propio Protocolo se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen os de promoción da cultura. (achégase copia ao expediente).

No Protocolo de colaboración estableceuse que as distintas actuacións previstas desenvolveranse a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

O carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O Concello de Vigo, está interesado en apoiar e potenciar a oferta cultural da cidade, así como en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais, es por isto que no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.470.0001, prevé a concesión dunha subvención por importe de 218.500,00 (douscentos dezaoito mil cincocentos) euros, para a organización de "O Marisquiño".

Dende o ano 2004, a sociedade Ulisesproyect Eventos Especiales SLU, CIF B-36.957.132, vén realizando a organización do programa **"O Marisquiño"**, de actividades dedicadas á cultura e aos deportes urbanos cun gran éxito organizativo e de aceptación cidadana que conta cunha grande afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais.

D. Carlos Domínguez Fernández, propietario único da entidade e dos dereitos de uso da marca "O Marisquiño" manifesta que a súa sociedade ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da devandita marca. (Achégase a documentación acreditativa no expediente).

Polo todo o exposto e, ao amparo do Protocolo de colaboración entre o Concello de Vigo e a Excma. Deputación de Pontevedra, esta previsto a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra para coadxuvar ao desenvolvemento do festival "O Marisquiño" por importe de **181.500,00** €.

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun festival de grande arraigo na cidade e que conta cunha ampla tradición na promoción da cultura urbana, formando parte do programa de festas desta cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da entidade, que ostenta os dereitos de uso da marca.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do

Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

Os gastos derivados da organización e desenvolvemento do Festival O Marisquiño 2017 , segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de **1.013.867,00 €.**

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Que o Concello de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado;

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

Que, de conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, o Alcalde de Vigo está facultado para asinar o citado convenio.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira da Área de Festas e Turismo e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

**PROPOSTA:**

1º.- Que se aprobe o texto do convenio, que se achega no expediente, para a realización dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo para para coadxuvar ao desenvolvemento do festival “O Marisquiño” por importe de 181.500,00 €, que terá lugar en Vigo os vindeiros 10, 11 e 12 de agosto.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “O MARISQUIÑO 2018” .

En _____________, __ de _________________ de 2018

**REUNIDOS**

Dunha parte, Dona María del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Don Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos

**EXPOÑEN**

I.- Que, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un Protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio Protocolo se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen nos que ao presente convenio importan os de promoción da cultura.

II.- Que no devandito Protocolo de colaboración establécese que as distintas actuacións previstas desenvolveranse a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

III.- Que no apartado III do citado Protocolo exponse que en materia de Cultura o Concello de Vigo desenvolverá accións para potenciar a participación da sociedade no fomento da cultura, en concreto programas e actividades de fomento da cultura. Que o carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Pola súa banda a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.

IV.- Que **“O MARISQUIÑO”,** festival que ven celebrándose en Vigo dende fai 17 anos, consolidouse na oferta actual de festivais, constituíndo unha referencia de carácter internacional no ámbito do deporte e cultura urbanos. A ampla axenda do festival, que inclúe probas deportivas puntuables nos respectivos campionatos mundiais xunto cunha destacable oferta musical, artística e cultural, en combinación coa localización privilexiada no porto de Vigo. “O Marisquiño” atópase incluído no programa “Festivais Rias Baixas” da Deputación de Pontevedra e no programa “Vigo en Festas 2018”.

V.- Que o gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación nacionais e internacionais xunto coa presenza de deportistas de máis de trinta nacionalidades, así como a retransmisión en streaming das distintas probas e a súa ampla repercusión nas redes sociais, caracterizan “O MARISQUIÑO” como unha oportunidade única para a promoción, non só da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra. Neste sentido o segmento ao que se dirixe esta oferta, en constante crecemento, non resulta accesible para as canles tradicionais de promoción, tanto por custe como impacto.

VI.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento do Protocolo de colaboración citado anteriormente, que contempla como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de fomento de actividades culturais, acordaron aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os comparecentes, con arranxo aos seguintes

**PACTOS**

**PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO**

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a desenvolvemento da XVIII edición do festival "O MARISQUIÑO 2018" que terá lugar entre os días 10 ao 12 de agosto en Vigo.

**SEGUNDO.- FINANCIAMENTO DO CONVENIO**

As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial, por un importe de CENTO OITENTA E UN MIL CINCOCENTOS € (181.500,00 €) ive engadido, para facer fronte aos gastos relacionados coa XVIII edición do festival "O MARISQUIÑO 2018".

O financiamento realizarase con cargo á aplicación 17/942.9420.462.14 do vixente orzamento provincial.

**TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO**

1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento pola Deputación Provincial terá lugar co seguinte desglose:

| ANUALIDADE | TOTAL |
|---|---|
| 2018 | 181.500,00 |

2º.- O Concello de Vigo redactará unha proposta de convenio de colaboración coa empresa Ulisesproyect Eventos Especiales SLU CIF B 36957132 para o festival "O MARISQUIÑO 2018" que se desenvolverá entre os días 10 e 12 de agosto en Vigo. A antedita empresa ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca "O MARISQUIÑO" . A marca se atopa debidamente rexistrada na Oficina española de Patentes e Marcas a nome de Carlos Domínguez Fernández, propietario único de Ulisesproyect Eventos Especiales SLU.

O Concello de Vigo remitirá unha copia do texto do convenio á Deputación.

3.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial, a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial.

4º.- A Administración municipal remitira á provincial, a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.

5º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen

prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

**CUARTO.- COMPROMISOS DO CONCELLO**

O Concello de Vigo obrígase a:

- Redactar unha proposta de texto de convenio, entre o Concello de Vigo é a empresa Ulisesproyect Eventos Especiales SLU para o festival O MARISQUIÑO 2018 que se desenvolverá entre os días 10 e 12 de agosto, ambos inclusive, en Vigo. A empresa Ulisesproyect Eventos Especiales SLU ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca "O MARISQUIÑO". A marca se atopa debidamente rexistrada na Oficina española de Patentes e Marcas a nome de Carlos Domínguez Fernández, propietario único de Ulisesproyect Eventos Especiales SLU.
- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL.e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial e máis do convenio.
- Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Xustificar perante a Deputación, as actuacións as que se refire prestacións executadas mediante a presentación da seguinte documentación acreditativa dos gastos:
    - Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local e do texto do convenio asinado entre o Concello de Vigo e Ulisesproyect Eventos Especiales SLU para o festival "O MARISQUIÑO 2018";
    - memoria das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada; informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo;
    - facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;
    - conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;
    - memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;
    - certificación de pagamento a favor de Ulisesproyect Eventos Especiales SLU asinada polo Tesoreiro do Concello de Vigo;
    - calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.
- Destinar os fondos percibidos ó obxecto concreto para o que foron concedidos.

- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ó Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

**QUINTO.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN**

A Deputación de Pontevedra comprométese a financiar os custes derivados do convenio, ata a cantidade máxima de CENTO OITENTA E UN MIL CINCOCENTOS euros, (181.500,00€) IVE incluído, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada

O pagamento das prestacións obxecto do convenio realizarase, contra a aplicación 17/942.9420.462.14 do vixente orzamento provincial.

A Deputación Provincial someterá o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Ulisesproyect Eventos Especiales SLU obxecto deste convenio á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.

A Deputación prestará a colaboración e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000 euros.

**SEXTO.- PUBLICIDADE**

En toda a documentación e informacións relativas á XVIII Edición de O MARISQUIÑO, en todos os formatos, figurará o logotipo da Deputación Provincial de Pontevedra e de o Concello de Vigo.

As accións a desenvolver dentro do festival **O MARISQUIÑO 2018**, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e

publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**SÉTIMO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS**

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada.

**OITAVO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A Comisión de Seguimento reunirase cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

**NOVENO.- VIXENCIA**

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución do convenio a que o mesmo se refire, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2018.

**DÉCIMO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

6º.- Polo incumprimento das obrigas estipuladas no texto do convenio por parte de Ulisesproyect Eventos Especiales, SLU.

**UNDÉCIMO.- RÉXIME XURÍDICO.**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado;

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

| | |
|---|---|
| O Alcalde-Presidente do Concello de Vigo<br>Asdo.: Abel Caballero Álvarez | A Presidenta da Deputación de Pontevedra<br>Asdo.: Mª Carmen Silva Rego |
| A Secretaria do Concello de Vigo,<br>Asdo.: Mª Concepción Campos Acuña | O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra,<br>Asdo.: Carlos Cuadrado Romay |

**8(812).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE BOUZAS. EXPTE. 9921/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16/07/18, dáse conta do informe-proposta de data 06/07/18, asinado polo xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, polo xefe de área de Servizos Xerais e pola técnica de Administración xeral e conformado polo concelleiro-delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

1.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2017, recolle dentro do capítulo “6 INVERSIÓNS REAIS” a aplicación orzamentaria 1710.6190015 “PARQUES INFANTÍS E BIOSAÚDABLES”.

2.- Para levar a cabo esta actuación, o Concelleiro Delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, por resolución de data 26 de setembro de 2016, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto por importe de 550,00 euros, para a redacción do proxecto de ampliación do parque infantil da Alameda de Bouzas, a prol de dona Silvia Sánchez Rosell (expte. 9692/446).

3.- O proxecto presentado pola arquitecta, dona Silvia Sánchez Rosell, en cumprimento do contrato, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de CENTO NOVENTA E NOVE MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (199.999,99 EUROS) e datas novembro de 2017 e 29 de decembro de 2017.

4.- O xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 7 de novembro de 2017, informou que o proxecto de ampliación do parque infantil da Alameda de Bouzas, presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o Concelleiro Delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 7 de novembro de 2017, resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.

5.- A xefa do Servizo de Coordinación da Área Cultural, por delegación da directora xeral de Patrimonio Cultural da Delegación Territorial de Pontevedra, en data 19 de marzo de 2018, resolveu *"**Autorizar** a ampliación do parque infantil situado na Alameda de Suárez Llanos-Bouzas, no concello de Vigo (...)" .* (Doc. 1800420159)

6.- O xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asis. Municipal, en data 31 de maio de 2018, emitiu informe co seguinte teor literal:

***"ANTECEDENTES:***
*Pola empresa Silvia Sánchez Rosell, presenta, trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de "AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL BOUZAS", redactado pola Arquitecta Dna. Silvia Sánchez Rosell cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO NOVENTA E NOVE MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (199.999,99 EUROS) e datas novembro de 2017 e 29 de Decembro de 2017.*

***DESCRICIÓN DAS OBRAS:***
*A actuación se desenrola no espazo público da Alameda de Suárez Llanos na zona de Bouzas e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir;*

- *Previa retirada de xogos e mobiliario existente, procederase o decapado e nivelación do terreo existente.*
- *A continuación procederase a executar a escavación necesaria para a zapatas e pozos de cimentación, unha vez efectuada a mesma procederase a confección de ditas zapatas a base de formigón armado coa colocación de chapas de ancoraxe necesarias para proceder a instalación de mobiliario urbano, consistente na instalación dos xogos descritos no proxecto, anclados sobre ditas bases de cimentación.*
- *Como acabado de pavimento se plantexa un pavimento continuo de EPDM de 1 cmt., de espesor sobre subbase de SRB de uns 3 a 7 cm., de espesor.*
- *Peche perimetral a base de vallas metálicas de cor verde, anclados a solo mediante bases de formigón.*

*O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 1,5 meses.*

***INFORME:***
*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.*

Concello de Vigo

**PROXECTO: AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE BOUZAS**

| DOCUMENTACIÓN OBXECTO DE VERIFICACIÓN | Non aplica | SI | NON | Observacións |
|---|---|---|---|---|
| **Documento: Memoria** | | | | |
| Inclúe **obxecto das obras**, **antecedentes** e **situación previa** das mesmas | | X | | Apartado MD 3. |
| Presenta **xustificación da solución** adoptada | | X | | Apartado MC 1. |
| Presenta referencias nas que se fundamenta o **replanteo da obra** | | X | | Plano R.01. |
| Presenta **programa de desenvolvemento dos traballos** | | X | | Anexo 12. |
| Presenta **xustificación de cálculo dos prezos** | | X | | Anexo 11. |
| Presenta proposta de **clasificación do contratista.** | X | | | Anexo 17. |
| O **prazo de garantía** é igual ou maior de 1 ano | | X | | Anexo 13. |
| Presentase adecuación a normativa vixente de **accesibilidade:** Orden de VIV/561/2010, ley 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidad e RD 35/2000. | | X | | Anexo 22. |
| Inclúe indicación expresa de que as actuacións recollidas no proxecto presentan: 1) Adecuación a **ordenación urbanística** vixente 2) Adaptación ao **contorno e 3) Respeto ás normas de protección do patrimonio** cultural 4) **Autorizacions** doutras administracións cando así se exisa. | | X | | Anexo 03 e Anexo 15. Informe Consellería Cultura data 19/03/2018. |
| Presenta **revisión de prezos** | X | | | |
| Consta declaración de **obra completa** aos efectos do establecido nos ortigas 125 e 127 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o RXLCAP | | X | | Anexo 07. |
| O proxecto inclúe o correspondente estudio de **seguridade e saúde** conforme ao establecido no RD 1627/1997, de 24 de outubro | | X | | Anexo 08. |
| O proxecto inclúe o correspondente estudio de **xestión de residuos** conforme ao establecido no RD 105/2008, de 01 de febreiro | | X | | Anexo 09. |
| O proxecto inclúe **estudio xeotecnico** dos terreos sobre os que se vai a executar a obra | | X | | Anexo 02. |
| Presenta xustificacion do respeto ás **normas ambientais** vixentes | | X | | Anexo 16. |
| **Documento: Planos** | | | | Documento III |
| Presenta **planos** de conxunto que delimiten a ocupacion de terreos e a restitución de servidumes e servizos afectados | | X | | |
| Presenta **planos** de conxunto e detalle, dos que poidan deducirse as medicions e a exacta realización da obra | | X | | |
| **Documento: Pliego de P.T.P.** | | | | Documento II |
| Inclúese un apartado de **descripción das obras** | | X | | |
| Aparece a maneira na que se levará a cabo a **medición de unidades executadas** | | X | | |
| Describese o **proceso de execución** das unidades | | X | | |
| Presenta plan de **ensaios de control de calidade** dos materiais a empregar | | X | | Anexo 18. |
| Presenta referencia a **normativa e ordenanzas xerais vixentes** | | X | | |
| **Documento: Presupuesto** | | | | Documento IV |
| Presenta **medicións e precios unitarios** e descompostos | | X | | |
| Os prezos dos materiais e das unidades de obra son adecuados para a execución da obra | | X | | |
| Inclúese capítulo independiente para **xestión de residuos**. | | X | | |
| Inclúese capítulo independiente para **seguridade e saúde** | | X | | |
| **Documento Xeral** | | | | |
| O **proxecto** redactado por empresa externa está debidamente **datado e asinado.** | | X | | Data novembro 2017 e 29 de decembro de 2017. |
| Inclúese **acta de replanteo das obras** | X | | | Segundo o artigo 126 do TRLCSP deberá realizarse unha vez aprobado o presente proxecto |

***CONCLUSIÓN:***

*Xa que a contía do proxecto é inferior a 500,000 euros e a actuación non afecta a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra, o presente informe non ten carácter preceptivo, art. 235 da "lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014".*

*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, segundo informe do Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 5/04/2018.*

*A documentación do proxecto cumpre os obxectivos do contrato de redacción e considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos legais esixidos de conformidade coa lexislación vixente e actualmente regulados no artigo 235 da "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."*

7.- En datas 14 e 15 de xuño de 2018, dona Silvia Sánchez Rosell presentou, a través do Rexistro Electrónico, o proxecto de *"Ampliación do parque infantil de Bouzas"*, asinado dixitalmente con data 12 de xuño de 2018 (docs. 180092761, 180092762, 180093204 e 180093205).

8.- En data 22 de xuño de 2018, o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, emitiu informe co seguinte teor literal:

*"Á vista da dilixencia de data 19/06/2018 da adxunta o Sefe de Servizos de Montes, Parques e Xardíns, no que respecta a nova documentación a que se fai referencia.*

***INFORME:***

*O documento aportado que consta no expediente co nº 81, non manifesta en ningun apartado que este previsto ningun tipo de modificacion do proxecto que consta no mesmo expediente co nº 64.*

*Polo tanto non cabe efectuar ningun novo informe a o citado proxecto xa que que se atopa no nº 64 e o que foi informado na data 31/05/2018.*

*Calquer tipo de copia pode efectuarse dende a propia aplicación.”*

**CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**:

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.
II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir un proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro-
III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.
IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 231 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público), que, de acordo coa disposición adicional 2ª.3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).
V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público).

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

Aprobar o proxecto de “AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE BOUZAS”, de data 12 de xuño de 2018, redactado pola arquitecta, dona Silvia Sánchez Rosell, cuxo orzamento base de licitación, IVE incluído, é de CENTO NOVENTA E NOVE MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (199.999,99 EUROS).

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 9(813).- PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIÓCESE TUI-VIGO PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DA IGREXA PARROQUIAL DE SAN CRISTOVO DE CANDEÁN E FOMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO TEMPLO ENTRE XULLO E SETEMBRO 2018. EXPTE. 7803/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18/07/18 e o informe de fiscalización do 19/07/18, dáse conta do informe-proposta de data 18/07/18, asinado polo xefe de Participación cidadá e Desenvolvemento local e conformado polo concelleiro-delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda , que di o seguinte:

I. Con Rexistro de entrada no Concello de Vigo de data 6 de novembro de 2017 (DOC. 170152448), o Párroco de San Cristovo de Candeán, en representación da Diocese de Tui-Vigo, solicita a subscrición dun convenio de colaboración para afrontar os gastos das obras de reparación que precisa o inmoble ofrecendo o uso gratuíto de parte das dependencias parroquiais ao Concello de Vigo.

II. Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de entidades e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese  non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial, sectorial como confesional. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, culturais, artísticas educativas, sanitarias, confesionais, etc., que inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario, socioculturais e socioeducativas que redundan en beneficio da cidadanía.

III. Consultado o catálogo de Bens Culturais do PXOM-08 (vixente ao abeiro do disposto no apartado 4 do artigo 31 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia), consta ficha específica A_167 que protexe o conxunto de edificios que conforma o Conxunto parroquial de San Cristovo de Candeán formado polo templo, adro, casa reitoral, casa da obra, cruceiro, palco da música e cemiterio histórico, cun nivel de protección integral. O devandito inmoble é propiedade da Parroquia Eclesiástica de San Cristovo de Candeán segundo as certificacións do chanceler-secretario do Bispado de Tui-Vigo incorporadas ao expediente.

Ao tratarse dun inmoble catalogado co nivel de protección integral, as obras están suxeitas ao deber de obtención con carácter previo da preceptiva autorización da Dirección Xeral de Patrimonio ao abeiro do disposto no artigo 39 da Lei 5/2016 que establece que as intervencións que se pretenden realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu caso, no seu entorno de protección ou na súa zona de amortiguamento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións establecidas nesta lei.

Examinada a documentación achegada xunto coa solicitude, constan unicamente autorizadas mediante licenza urbanística municipal do 23/08/2017 e autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 27/07/2017 **as obras para cubrición e reparación de paramentos interiores da igrexa**, conforme aos documentos e informes obrantes no expediente 91.284/421, segundo proxecto redactado polo arquitecto Jaime Iglesias Taibo do mes de xaneiro de 2017 e **cun orzamento de execución de 13.100 €**.

IV.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. E na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Parroquia de San Cristovo de Candeán da Diócese de Tui-Vigo, poida acometer as obras de cubrición e reparación de paramentos interiores da igrexa segundo o proxecto redactado polo arquitecto Jaime Iglesias Taibo do mes de xaneiro de 2017, autorizado mediante licenza urbanística municipal do 23/08/2017, en expediente 91.284/421, que conta coa autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 27/07/2017, aceptando o ofrecemento que lle fai a Parroquia de San Cristovo de Candeán para fomento das actividades culturais no templo, mediante a celebración de representacións musicais, gratuítas e abertas ao público vigués.

Aos efectos de asumir os compromisos recollidos no convenio:

Os custos destas obras para cubrición e reparación de paramentos interiores da igrexa por importe de 13.100 €, realizaranse con cargo á partida 9240 7800000 PRAZAS DE USO PÚBLICO E ATRIOS DE IGREXAS dos vixentes orzamentos municipais do 2018.

A xustificación desta axuda de concesión directa á Parroquia de Santo Cristovo da parroquia de Candeán, Diocese de Tui-Vigo, realízase tendo en conta os custes do orzamento de execución das obras autorizadas mediante licenza municipal, previa autorización da Dirección xeral de Patrimonio Cultural, en aras de coadxuvar á conservación dun ben do patrimonio cultural que se localiza no ámbito territorial do Concello de Vigo, e contribuir á difusión, ao fomento do seu valor cultural, e ao disfrute dos veciños da parroquia de Candeán e da cidade de Vigo, como medida de fomento da participación cidadá e das actividades de índole cultural.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, como órgano competente, emitirá informe a Intervención Xeral do Concello para verificar a existencia de crédito adecuado e suficiente.

**V.-** Tendo en conta o disposto no artigos 28.1 da LXS e no 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG) o convenio a través do cal se canalicen estas subvencións establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na lei, polo que os asinantes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o financiamento dos gastos de cubrición e reparación de paramentos interiores da igrexa parroquial de San Cristovo de Candeán dispoñendo do templo para celebrar representacións musicais, gratuítas e abertas ao público vigués, o que permitirá o fomento do coñecemento do patrimonio histórico-artístico por parte da cidadanía viguesa.
Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a LXS e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

V.- A Parroquia de San Cristovo de Candeán da Diócese de Tui-Vigo, non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

En base ás precedentes consideracións e ao interese social, cultural, educativo, confesional para a cidade, o Concello de Vigo e a beneficiaria subscriben o presente convenio coa finalidade de promoción da información e participación cidadá á que se refire o capítulo V, artigos 251 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e, no marco das materias competencia do Concello segundo os artigo 72 e 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril e o 80.2.n da Lei 5/1997, do 22 de xullo, que atribúen ás

Administracións municipais competencia propia, en materia de promoción da cultura, e equipamentos culturais e de ocupación do tempo libre.

Polo anteriormente exposto e nos termos e condicións do informe da Intervención Xeral Municipal elévase á Xunta de Goberno Local, proposta de adopción dos seguintes

**ACORDOS**:

1. Aprobar o proxecto de convenio que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e Parroquia de Santo Cristovo de Candeán da Diocese de Tui-Vigo, con CIF: R3600056J, para financiamento das obras de conservación da igrexa parroquial e fomento de actividades culturais no templo.
2. Autorizar o gasto de 13.100 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración referido aos custos das obras para cubrición e reparación de paramentos interiores da igrexa, con cargo á partida 9240 7800000 PRAZAS DE USO PÚBLICO E ATRIOS DE IGREXAS, do orzamentos municipais de 2018.
3. Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE A DIOCESE DE TUI-VIGO E O CONCELLO DE VIGO PARA FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CONSERVACIÓN DA IGREXA PARROQUIAL DE SAN CRISTOVO DE CANDEAN E FOMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO TEMPLO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ------------------- de dous mil dezaoito

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Juan Luis Martínez Lorenzo, vicario xeral da Diócese de Tui-Vigo, con NIF R-3600056-J, e domicilio en Rúa Corbal, 90 - 36207, Vigo. En diante “Diocese” ou “cedente”.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

**MANIFESTAN**

**I.-** Que o Párroco de San Cristovo de Candeán, en representación da Diocese de Tui-Vigo, solicitou, a través de escrito con rexistro de entrada do día 6 de novembro de 2017 co n.º de rexistro

170152448, a subscrición dun convenio de colaboración para afrontar os gastos das obras de reparación que precisa o inmoble ofrecendo o uso gratuíto de parte das dependencias parroquiais ao Concello de Vigo.

II.- Que c*onforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de entidades e ser apoiada nos devanditos procesos.*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial, sectorial como confesional. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, culturais, artísticas educativas, sanitarias, confesionais, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario, socioculturais e socioeducativas que redundan en beneficio da cidadanía.*

***III.-** Que segundo consta na ficha específica A_167 d*o catálogo de Bens Culturais do PXOM-08 o Conxunto parroquial de San Cristovo de Candeán está formado polo templo, adro, casa reitoral, casa da obra, cruceiro, palco da música e cemiterio histórico, cun nivel de protección integral. O devandito inmoble é propiedade da *Parroquia Eclesiástica de San Cristovo de Candeán segundo as certificacións do chanceler-secretario do Bispado de Tui-Vigo incorporadas ao expediente.*

*IV.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. E na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Parroquia de San Cristovo de Candeán da Diócese de Tui-Vigo, poida acometer as obras de cubrición e reparación de paramentos interiores da igrexa segundo o proxecto redactado polo arquitecto Jaime Iglesias Taibo do mes de xaneiro de 2017, autorizado mediante licenza urbanística municipal do 23/08/2017, en expediente 91.284/421, que conta coa autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 27/07/2017, aceptando o* ofrecemento que lle fai a Parroquia de San Cristovo de Candeán para fomento das actividades culturais no templo, mediante a celebración de representacións musicais, gratuítas e abertas ao público vigués.

**V.-** Que tendo en conta *que dacordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG),* o convenio a través do cal se canalicen estas subvencións establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na lei, *os asinantes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o financiamento dos gastos de cubrición e reparación de paramentos interiores da igrexa parroquial de San Cristovo de Candeán dispoñendo do templo para celebrar representacións musicais, gratuítas e abertas ao público vigués, o que permitirá o fomento do coñecemento do patrimonio histórico-artístico por parte da cidadanía viguesa.*
*Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.*

*V.- Que a Parroquia de San Cristovo de Candeán da Diócese de Tui-Vigo, non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.*

*VI. Que, en base ás precedentes consideracións e ao interese social, cultural, educativo, confesional para a cidade, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocultural e de participación no coñecemento do patrimonio da cidade e a participación nas actividades de difusión do mesmo e, no marco das* materias competencia do Concello segundo o disposto nos artigos 72 e 25.2. m) da Lei 7/1985, do 2 de abril e o 80.2.n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo *da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, ambas as partes, subscriben o presente convenio de colaboración de conformidade cos seguintes*

*PACTOS*

**Primeiro.-** *A Parroquia de San Cristovo de Candeán da Diócese de Tui-Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:*

1. *Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención nos termos do presente convenio.*
2. *Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*
3. *Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actuacións subvencionadas.*
4. *Que se abonen as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*

*5. Presentar ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.*
*6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*
*7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.*
*8. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

**Segundo.-** O CONCELLO DE VIGO comprométese a:

- Conceder directamente á Parroquia de San Cristovo de Candeán da Diócese de Tui-Vigo unha subvención por importe de 13.100 € (trece mil cen euros), con cargo a partida orzamentaria 9240 7800000 *PRAZAS DE USO PÚBLICO E ATRIOS DE IGREXAS*, dos orzamentos municipais de 2018, para as obras de cubrición e reparación de paramentos interiores da igrexa conforme ao orzamento de execución segundo o proxecto redactado polo arquitecto Jaime Iglesias Taibo do mes de xaneiro de 2017, autorizado mediante licenza urbanística municipal do 23/08/2017, en expediente 91.284/421, que conta coa autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 27/07/2017.

- Respectar a estrutura organizativa da Parroquia de San Cristovo de Candeán da Diócese de Tui-Vigo.

· O Concello informará á Parroquia cunha antelación mínima de 10 días naturais da súa intención de realizar algunha actividade ou evento en particular, para o que se coordinará o uso previsto con quen resulte ser o párroco en cada momento. Os eventos culturais conveniados, en ningún caso poderán atentar contra os principios da moral católica, e respectando sempre a programación litúrxica da parroquia de San Cristovo de Candeán.

**Terceiro**.- O Concello está facultado para:

- Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, da adecuación do gasto ao valor de mercado.
- Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto na cláusula novena, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.
- Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os xuros de mora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.
- Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Cuarto**.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase

logo da xustificación da totalidade das obras obxecto do convenio, tal e como se establece na cláusula novena.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, do 21 de xullo, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter confesional e social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións.

**Quinto.-** En virtude do disposto no art. 19.2 Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos 19.3 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** *A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.*

**Séptimo.-** A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a LXS e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Oitavo.-** A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade á sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarase, en lugar preferente do local parroquial, un cartel pu-

blicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das obras recollidas no convenio.

<u>**Noveno.-**</u> A beneficiaria deberá xustificar antes do 01/10/2018, o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos con cargo aos orzamentos do ano 2018.
O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Parroquia de Santo Cristovo de Candeán da Diócese de Tui-Vigo, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **1 de outubro de 2018**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require **identificación e sinatura electrónica,** por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga**;** e conterá a seguinte documentación e información:

- Solicitude de abono da subvención.
- Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

    - Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
    - Datas e lugar de celebración.
    - Actuacións realizadas.
    - Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
    - No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
    - No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
    - Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica da conta xustificativa que deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.
Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, indicando o nome ou razón social

da empresa, concepto facturado, o número de CIF/NIF, o número de factura, a data, a base impoñible, o IVE e/ou IRPF, no seu caso, e importe total. Computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarase, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE).

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarase con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais, **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais, que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, número de documento, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impoñible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos.
- en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albaráns, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención.

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF.
- no seu caso, xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento.
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incursa en ningunha das prohibicións ou situacións do art. 31.6 da LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

**Décimo**.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES64 2080 5000 6930 4002 8663.

**Décimo primeiro**.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro.

**Décimo segundo**.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2018, no período comprendido entre o 01/07/18 e o 30/09/18.

**Décimo terceiro**.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo cuarto**.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto**.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

**Décimo sexto.-** Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo setimo.- MODIFICACIÓNS DO PRESENTE ACORDO.**

Calquera modificación dos termos pactados requirirá o consentimento expreso de ambas as dúas partes.

**Décimo oitavo.- RESPONSABILIDADES**

A sinatura deste convenio non implicará relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver accións previstas no mesmo e a cedente, de tal modo que non se pode esixir á cedente ningunha responsabilidade, nin directa, indirecta ou subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Para ese efecto a cesionaria obrígase a subscribir as oportunas pólizas de responsabilidade civil que cubran as continxencias que no seu caso se poidan producir na superficie obxecto de ce-

sión, incluíndo as incidencias derivadas da execución das obras, obrigándose a cesionaria a deixar indemne á cedente en todo caso.

**Décimo noveno.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

1. Para facilitar a verificación, a coordinación, e o cumprimento do presente Convenio, así como para autorizar as actuacións que se realicen no espazo cedido e resolver as cuestións que poidan xurdir ao longo da súa vixencia, crearase unha Comisión paritaria de seguimento, integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes, cuxos compoñentes serán designados por cada parte. As persoas inicialmente designadas  poderán ser substituídas en calquera momento da vixencia deste Convenio, previa comunicación por escrito desta circunstancia á outra parte.

2. A Comisión de seguimento constituirase no prazo de trinta días seguintes á firma do presente Convenio. O funcionamento da Comisión de seguimento rexerase polo establecido para os órganos colexiados nos artigos 15 e 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, actuando de Secretario un/unha funcionario/a do Concello, con voz pero sen voto.

3. Para cantas notificacións sexan necesarias para dar cumprimento ao presente Convenio, as Institucións asinantes formalizarán as súas comunicacións mediante notificacións electrónicas. O teléfono e o correo electrónico servirán exclusivamente para consultas de seguimento. Os mesmos medios de comunicación serán utilizados polos membros da Comisión de Seguimento no desempeño das súas funcións.

**Vixésimo.- RESOLUCIÓN**

O presente convenio resolverase polas seguintes causas:

- Por mutuo acordo, manifestado por ambas as partes por escrito.
- Por terminación do prazo de duración pactado.
- Por incumprimento das obrigacións contidas neste convenio, moi especialmente as relativas ás condicións de uso acordadas.

**Vixésimo primeiro.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas  para o exercicio da potestade sancionadora.

**Vixésimo segundo.-** A entidade beneficiaria presta expresamente o seu consentimento para o tratamento dos seus datos e os do seu representante, que serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria e non será cedida a terceiros.

Os datos facilitados pola entidade beneficiaria serán conservados o tempo necesario para cumprir coas obrigacións legais, ou ben, a entidade solicite a supresión dúas mesmos.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e no Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, supresión, limitación, portabilidade e a presentar unha reclamación ante a autoridade de control competente, ante o Concello de Vigo, a través da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

**Vixésimo terceiro.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Vixésimo cuarto.-** *O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.*

E en proba de conformidade das partes asinan o presente documento por duplicado no lugar e data que consta no encabezamento.

| | |
|---|---|
| Polo Concello de Vigo:<br>O Alcalde,<br><br>Abel Caballero Álvarez | Pola Diocese de Tui Vigo<br>O vicario xeral da Diócese de Tui-Vigo<br><br>D. Juan Luis Martínez Lorenzo, |

## 10(814).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE OBRAS PARA A CORRECCIÓN DE PATOLOXÍAS, CONSOLIDACIÓN E ACCESIBILIDADE NA EDIFICACIÓN “VILLA SOLITA”. EXPTE. 8846/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18/07/18, dáse conta do informe-proposta de data 17/07/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación , que di o seguinte:

**11.- Propostas de adxudicación**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de corrección de patoloxías, consolidación e accesibilidade de “Villa Solita” (Alcabre) (8.846-307)**

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de corrección de patoloxías, consolidación e accesibilidade de "Villa Solita" (Alcabre) (8.846-307)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 28 de xuño, adoptou o seguinte acordo:

*"Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*"Primeiro.- Excluír deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado o 19 de xuño de 2018 pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos municipal – FEDER Vigo Vertical, o enxeñeiro Xefe de Vías e Obras da Área de Servizos Xerais e a xefa da Unidade de Patrimonio Histórico:*

1. *CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.*
2. *COVIASTEC, S.L.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de corrección de patoloxías, consolidación e accesibilidade de "Villa Solita" (Alcabre) (8.846-307) na seguinte orde descendente:*

| | Licitadores | Puntuación |
|---|---|---|
| 1 | OREGA, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L. | 99,34 |
| 2 | XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. | 97,75 |
| 3 | COPCISA, S.A. | 96,84 |
| 4 | ACEVI, S.L. | 96,30 |
| 5 | PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. | 91,74 |
| 6 | REFORVIGO, S.L. | 89,60 |
| 7 | DICSA, DECORACIÓN, INSTALACIONES Y | 87,29 |

| | Licitadores | Puntuación |
|---|---|---|
| | CONSTRUCCIONES, S.A.U. | |

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OREGA, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.001,60 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".".*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, OREGA, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L., o día 2 de xullo de 2018, que presenta a documentación requirida o 11 de xullo de 2018, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 17 de xullo de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OREGA, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OREGA, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L., de acordo cos informes de

valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 31 de maio de 2018 e 19 de xuño de 2018, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a OREGA, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de corrección de patoloxías, consolidación e accesibilidade de "Villa Solita" (Alcabre) (8.846-307)*

*a) O prezo total do contrato é de 221.710,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 38.478,73 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada"*

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 11(815).- PROPOSTA RESOLUCIÓN RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN BOLSA DE EMPREGO TÉCNICOS SUPERIORES ARQUIVOS. EXPTE. 32349/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 18/07/18, asinado pola técnica de Administración xeral e conformado pola xefa da área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE HECHO**

**I.**- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 10/05/2018, acordou aprobar as bases específicas reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previsto no artigo 10.1 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, como Técnico Superior de Arquivos. Expte. 31605-220. As devanditas bases foron publicadas no BOP nº 114, de 14/06/2018. No BOP nº 124, de 18/05/2018, publicouse rectificación do erro das devanditas bases.

**II.-** Con rexistro de entrada de data 25/06/2018 (doc nº 180098841), o Sr. Sepúlveda Lorenzo J.M., interpón Recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno local na sesión ordinaria de data 10/05/2018.

**NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

**I.-** Constitución Española.
**II.-** RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público.
**III.-** RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o TR de réxime local.
**IV.-** Lei 2/2015, de 29 de abril, del Emprego Público de Galicia.
**V.-** Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
**VI.-** Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

**I.- Lexitimación e prazo.**

En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.
No caso que nos ocupa é indubidable a lexitimación do recorrente posto que, como aspirante do proceso selectivo que se vai desenvolver, é titular de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto que agora se impugna.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respectado polo recorrente, en tanto que o 14/06/2018, foi publicado no BOP, o acordo da Xunta de Goberno Local, agora impugnado, relativo "bases específicas reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previsto no artigo 10.1 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, como Técnico Superior de Arquivos. Expte. 31605-220", presentando o recurso o día 25/06/2018.

Resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iuditium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
**II.- Alegacións.**

O recorrente interpón recurso alegando en síntese que:

1.- No título da convocatoria faise mención a bolsa de emprego para nomeamentos interinos de Técnicos/as medios/as de arquivos, cando é Técnico Superior.

2.- Que entre os requisitos para acceder ás bolsas de interinos de Técnicos Superior de arquivo se establece estar en posesión ou en condición de obter o título de grao en Rama Ciencias Sociais e Xurídicas ou equivalente ou grao rama Arte e Humanidades ou equivalente, de conformidade coas titulacións esixidas na Relación de Postos de Traballo. Así entende que ditas titulacións non son as máis axeitadas no referente ao análise de contidos, arquivos e búsqueda documental posto que existe unha titulación específica que imparte este tipo de contidos de forma máis extensa e concreta.

3.- Que no caso de empate, considera ilegal que o desempate se resolva en base a criterios como a idade ou sorteo.

4.- Que en canto o orde de actuación dos aspirantes, considera que non debe facerse mediante sorteo.
5.- Que o requirimento de adiantar a documentación por fax ou e-mail, vulnera o principio de igualdade.

6.- E por último, no que se refire ao prazo de 3 días hábiles para emendar erros ou omisións.

Sobre a base do anterior solicitan que se anule o acordo da Xunta de Goberno local impugnado polo que se aproban as bases da convocatoria que rexerán a oferta de emprego para nomeamentos interinos de Técnico Superior de Arquivo, subsidiariamente que sexan anuladas esas bases, procedendo a unha nova aprobación das bases, é solicitando a suspensión da execución da resolución recorrida.

**III.-** En canto a <u>solicitude de suspensión</u>, *n*o ámbito do procedemento administrativo, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas parte da executividade dos actos administrativos*, son inmediatamente executivos (artigo 98). En concreto, cando se interpoña un recurso administrativo o artigo 117 prevé como regra xeneral que "no suspenderá la ejecución del acto impugnado, si bien el órgano a quien competa resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el ocasionado al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender, de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurran alguna de las siguientes circunstancias:*

- **a)** Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación.
- **b)** Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el artículo 47.1 de esa Ley.

A estos efectos se regula un silencio positivo en el artículo 117.3 pues la ejecución del acto impugnado se entenderá suspendida si transcurrido un mes desde que la solicitud de suspensión haya tenido entrada en el registro electrónico de la Administración u Organismo competente para decidir sobre la misma, el órgano a quien competa resolver el recurso no ha dictado y notificado resolución expresa al respecto. Por otra parte, si de la suspensión

pueden derivarse perjuicios de cualquier naturaleza, aquélla sólo producirá efectos previa prestación de caución o garantía suficiente para responder de ellos, en los términos establecidos reglamentariamente.”
No presente caso, e tras unha ponderación razoada dos intereses en xogo, (o interese público e de terceiros e o interese da recorrente) entendo que non procede a suspensión do acto impugnado toda vez que causaría un prexuízo evidente ó interese xeral que se pon de manifesto na necesidade dos nomeamentos interinos de referencia co fin de atender con prontitude os servizos da Administración, ademais do prexuízo que se causaría a terceiros candidatos que sen máis culpa se verían abocados a un retraso da convocatoria.
Poñendo en relación os motivos de impugnación alegados e a fase do procedemento en que nos atopamos (presentación de solicitudes), sen haberse publicado a lista de admitidos, a non suspensión do acto impugnado, aínda no caso de eventual estimación do recurso, non suporía a pérdida da finalidade do recurso, e en todo caso, o procedemento selectivo se levaría a cabo de conformidade cos requisitos constitucionais e legais esixidos na normativa de aplicación vixente en materia de acceso ao emprego público.

**IV.-** En canto a primeira alegación referida ao título da convocatoria, no que se afirma que fai mención a bolsa de emprego para nomeamentos interinos de Técnicos/as medios/as de arquivos, cando é Técnico Superior. Dicir que o error material alegado foi corrixido de oficio publicándose no BOP nº 124, de 18/05/2018, no que se expón que “Detectado erro material no sumario do anuncio no senso de que faise referencia a unha Bolsa de Emprego para nomeamentos interinos de Técnicos/as Medios/as de Arquivos, e segundo establece o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas polo que as Administracións Públicas, tanto de oficio como a instancia de parte, poderán en calquera momento rectificar os erros materiais, aritméticos ou de feito, existentes nos seus propios actos, procédese a súa corrección “No sumario, onde di “BASES E CONVOCATORIA PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA NOMEAMENTOS INTERINOS DE TÉCNICOS/AS MEDIOS/AS DE ARQUIVOS.” debe dicir “BASES E CONVOCATORIA PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA NOMEAMENTOS INTERINOS DE TÉCNICOS/AS SUPERIORES DE ARQUIVOS.”

**V.-** No que se refire a segunda das alegacións pola que se impugna a titulación esixida, debe desestimarse o recurso en base as seguintes consideracións.

**. O principio de autoorganización da Administración Local.-** O artigo 4 da Lei reguladora das Bases do Réxime Local atribúe as entidades locais a potestade de autoorganización, esta potestade, en relación coa ordenación dos recursos humanos, se concreta no TR da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público cuxo artigo 72 é do seguinte tenor literal: ”En el marco de sus competencias de autoorganización, las Administraciones Públicas estructuran sus recursos humanos de acuerdo con las normas que regulan la selección, la promoción profesional, la movilidad y la distribución de funciones y conforme a lo previsto en este Capítulo.”
Non imos entrar no análise da implicación do exercicio da potestade organizatoria das Administracións Públicas no ámbito da ordenación de seu persoal, pero aos efectos que nos ocupan non é baladí destacar que o interese público na eficacia dos medios persoais das organizacións públicas, leva consigo a súa vez a eficacia de estas. No caso da potestade de autoorganización, o interese querido polo ordenamento xurídico é o da eficacia da actividade

administrativa, tanto en súa vertente propiamente administrativa como presupostaria (principio de eficiencia). É dicir, o ordenamento xurídico non recoñece á Administración Pública unha autonomía para xestionar os seus asuntos, se non que atribúelle unha potestade con unha natureza finalista, e polo tanto, caracterizada pola suxeición de seu exercicio a un determinado interese público querido pola norma habilitante.
Este interese público se presenta xenericamente na Constitución (artigo 103.1) e, en unha formulación máis concreta, nas Leis administrativas.

A potestade de autoorganización ten un marcado carácter discrecional, aínda que o xuízo de oportunidade que implica toda decisión, non é allea o Dereito, se non xustamente o contrario, é precisamente o ordenamento xurídico o que da cobertura a este marxe de oportunidade da administración.

Así, cada unha das administracións públicas actúa en cumprimento dos seus fins, con personalidade xurídica única, e en función das súas necesidades, teñen competencias para planificar seus recursos humanos, ofertando as prazas necesarias e establecendo os mecanismos de selección que consideren mais idóneos para elixir aos candidatos, respectando sempre a normativa legal.

Como ven sinalando a xurisprudencia “la potestad de organización no es de carácter absoluto y no cabe sostener que con la mera invocación de este principio, sea posible eludir el sometimiento al ordenamiento jurídico (art. 103 CE). Es evidente en consecuencia que se trata de una potestad que también es controlable por la jurisdicción contencioso-administrativa a través de las técnicas de control de la discrecionalidad referidas. No en vano el art. 72 del EBEP dispone: En el marco de sus competencias de autoorganización las Administraciones Públicas estructuran sus recursos humanos de acuerdo con las normas que regulan la selección profesional, la movilidad y la distribución de funciones y conforme lo previsto en este capítulo” STSJ Castilla-La Mancha de 19/05/2016.

**. Principios de igualdade, mérito e capacidade.-** O artigo 23.2 da nosa Constitución recoñece a todos os cidadáns o dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, con os requisitos que sinalen as leis. De este modo, o dereito a acceder a postos funcionariais se erixe nun modo de participación dos cidadáns nas Institucións públicas, conectado cos principios que, segundo o artigo 103 da Constitución Española, deben presidir o funcionamento e a organización da Administración.
O artigo 23.2 do citado corpo legal, recoñece expresamente que a lei pode suxeitar ó acceso a funcións públicas a determinados requisitos, polo que o dereito fundamental que nel se consagra non é dun dereito indiscriminado, sino de configuración legal, dentro sempre do respecto aos principios e preceptos constitucionais. De este xeito, o dereito non se lesiona si **a esixencia dos requisitos establecidos con carácter xeneral polas leis se aplica motivadamente con criterios razoables e en términos de xeneralidade que exclúan toda idea de discriminación persoal o que supoñan, por parte da Administración, restricións innecesarias para o exercicio de este dereito fundamental, debendo prevalecer en todo caso a interpretación máis favorable á efectividade de aquel.**
E na liña con o argumento anterior, é reiterada a doutrina do Tribunal Constitucional que preconiza que a interpretación dos dereitos fundamentais haberá de ser realizada no sentido máis favorable á súa máxima efectividade, e éste criterio é incompatible coa admisión de restricións que non estean suficientemente xustificadas.

Así, a predeterminación normativa das condicións para acceder á función pública de conformidade cos principios de igualdade, mérito e capacidade, ten especial trascendencia, polo que aquí interesa, dende a perspectiva do principio de igualdade que incorpora e especifica o artigo 23.2 CE como contido do dereito fundamental que recoñece e garantiza, en canto o mesmo pode resultar vulnerado cando por vía regulamentaria o a través de actos de aplicación de la lei o das normas reguladoras dos procedementos de acceso se introduzan novos requisitos ou condicións que limiten o acceso á función pública a determinados cidadáns ou grupos sen contar para elo ca necesaria habilitación lexislativa, excluíndo do goce dun dereito a aqueles aos que a Lei non excluíu. De modo que **resulta totalmente proscrita a posibilidade de que por vía regulamentaria ou mediante actos de aplicación da lei ou das normas reguladoras de acceso a un determinado posto da función pública se incorporen o engadan novos requisitos carentes de toda cobertura legal, establecendo criterios innovativos de diferenciación onde o lexislador non diferenciara, descoñecendo de esta forma o criterio igualatorio sancionado por éste** (SSTC 47/1990, de 20 Marzo; 185/1994, de 20 Xuño). Noutras palabras, a posta en conexión do artigo 23.2 CE (“... cos requisitos que sinalen as leis”) co artigo 103.3 CE (“...a lei regulará... o acceso á función pública”) obriga a concluír que tales requisitos serán establecidos mediante disposicións con rango de Lei, coa colaboración da potestade regulamentaria cos límites e condiciones que xa se expresaron.

Centrándonos xa no ámbito do sector público local, o artigo 133 do Real Decreto lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido da Administración Local, establece que o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local axustarase á lexislación básica do Estado sobre función pública, e establecerase tendo en conta a conexión entre o tipo de probas a superar e a adecuación aos postos de traballo que se vaian a desempeñar, incluíndo a tal efecto as probas prácticas que sexan precisas.

Impera así a obrigatoriedade de observancia da lexislación básica ex artigo 2.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, así como a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigo 7). No non previsto na normativa estatal, aplicarase a regulamentación que para o ingreso na función pública estableza a respectiva Comunidade Autonóma, e suplementariamente, o Real Decreto 2223/1984, de 19 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración de Estado.

Polo tanto a Administración Pública está obrigada a garantir a plena observancia de que os procesos selectivos se desenvolvan garantindo os principios de igualdade, mérito, capacidade, transparencia, publicidade e concorrencia competitiva recollidos no artigo 55 do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público, e demais normativa sectorial aplicable.

Así, estos principios de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público incluídos no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público, implican a carga, para quen quere acceder a unha determinada función pública, de acreditar as capacidades, coñecementos e idoneidade esixibles para a función á que se aspira. Así o dereito de acceso ó emprego publico debe garantirse mediante os citados principios, e os procesos de

selección do emprego público deben ser abertos para garantir a libre concorrencia de todos aqueles que cumpran os requisitos esixidos.

O principio de igualdade obriga por tanto ao Concello a que impida que sexan excluídos persoas con titulación e capacitación para as actuacións a desenvolver.

**. Relación de Postos de Traballo e a titulación esixida.-** A aprobación dunha RPT que, como o seu nome indica, é unha relación detallada e ordenada de prazas e postos da administración, segundo a estrutura idónea para a eficacia, non é un acto plenamente regrado, sen espazo para a innovación, creatividade ou decisión discrecional de aquela. É a plasmación de seu criterio de ordenación de postos que expresa a potestade de organización, esto é, o poder de que dispón a administración como responsable da xestión de recursos humanos para identificar necesidades e ordenar os efectivos de persoa que posúe ou desexa reclutar para a eficacia (art. 103 CE).
A STS 12/06/2013 pronunciouse no sentido de lembrar que "... La Administración cuenta con potestades discrecionales para adecuar a cada puesto de trabajo concreto los requisitos genéricos de titulación exigidos para el acceso a la plaza, optando por una titulación específica, al igual que modulando los méritos generales a los precisados por el concreto contenido funcional de puesto de trabajo". Deste modo, as RPT son un dos exemplos típicos de potestade discrecional, calificada polo noso Tribunal Supremo de "amplísima", que é inherente a potestade de autoorganización, tendo como límite a interdicción da arbitrariedade.
Así, a hora de aprobar unha convocatoria selectiva, é necesario examinar a Relación de Postos de Traballo, co fin de determinar a escala o categoría, os requisitos de formación e a capacitación específica a que deben orientarse as probas selectivas. A posición das RPT como condicionante da convocatoria dunha praza é moi importante, xa que logo das súas determinacións se condicionan as convocatorias de acceso e provisión de prazas e postos.
En canto a titulación, a xurisprudencia é reiterada no sentido de que as RPT han de ser flexibles "... Tales pronunciamientos confirman que las orientaciones actuales huyen de consagrar monopolios profesionales en razón exlusiva del título ostentado y mantiene la necesidad de dejar abierta la entrada a todo título facultativo oficial que ampare un nivel de conocimientos técnicos suficiente" STS 15/04/2011.
A RPT do Concello de Vigo foi aprobada pola Xunta de Goberno local no ano 2010, e publicada no BOP de data 16/11/2010, publicándose no BOP de Pontevedra de 07/06/2017 "actualización de datos da Área de RRHH e Formación insertados no portal de Transparencia: proposta de aprobación do documento unificado da Relación de Postos de Traballo. Expte 29473-220".
As bases específicas reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos como Técnico Superior de Arquivos (Expte. 31605-220), agora impugnadas polo recorrente, recollen os requisitos de titulacións exisidos de conformidade coa RPT do Concello de Vigo debidamente aprobada.
Por outra parte, o artigo 56, no apartado e), TRLEBEP; fixa tamén como requisito xeneral de acceso o emprego público a posesión da titulación esixida.
En este sentido, o artigo 76 clasifica os corpos e escalas funcionariades en diferentes grupos, de acordo precisamente coa titulación esixida para o acceso aos mesmos. Así de conformidade co mesmo o Grupo A divídese en dous subgrupos, A1 e A2, e para o acceso aos corpos ou escalas de este Grupo se esixirá estar en posesión do título universitario de Grado. Naqueles supostos nos que a lei esixa outro título universitario será este o que se teña en conta. A clasificación dos corpos e escalas en cada subgrupo estará en función do

nivel de responsabilidade das funcións a desempeñar e das características das probas de acceso.
Parece claro que a titulación necesaria para o acceso a un emprego público debe ser congruente coas funcións a desenvolver (STS de 12 de maio de 1995), é dicir, debe existir unha adecuación entre o título esixido e o traballo a desempeñar. Así a Administración Pública non é libre para admitir una titulación calquera cando o posto require unha particular preparación, sino que debe, por imperativo do artigo 103.1. da C.E. e de consecución do interese xeneral, cubrir dito posto coa persoa técnicamente mais cualificada para o seu desempeño».

O órgano competente pode determinar a cualificación técnica que deben ter os que, na respectiva Administración, prestarán servizos, pero so pode establecer diferencias en razón de que a capacitación técnica sexa a adecuada á natureza de as tarefas a realizar e con carácter xeneral, é dicir, pola posesión de determinados coñecementos o titulación.

A Administración na convocatoria non pode excluír titulacións permitidas legalmente (STSJ Cataluña de 22 de outubro de 1998 [RJCA 1998, 4017]), nin pode en cada convocatoria limitar as titulacións previamente establecidas na relación de postos de traballo (STSJ Valladolid de 24 de marzo de 2000 [RJCA 2000, 836]).

**. Aplicación ao caso concreto.-** Aplicando ó anteriormente exposto á alegación do recorrente, relativa á titulación requirida para participar no proceso selectivo, entendemos en primeiro lugar que estimar a solicitude suporía **ir absolutamente en contra de todos os principios que deben presidir a actuación das administracións públicas cando se propón seleccionar o seu persoal e que foron expostos nos puntos anteriores, así como a uniforme xurisprudencia que non deixa de reiterar que "non poden impoñerse restricións que non estean debidamente xustificadas, e que preconiza que a interpretación dos dereitos fundamentais debe realizarse no sentido mais favorable a súa máxima efectividade, e este criterio é incompatible coa admisión de restricións carentes de sentido.**
**E resulta totalmente proscrita a posibilidade de que mediante as normas reguladoras de acceso a un determinado posto da función pública se incorporen o engadan novos requisitos carentes de toda cobertura legal, establecendo criterios innovativos de diferenciación onde o lexislador non diferenciara, descoñecendo de esta forma o criterio igualatorio sancionado por éste.**

